

# O nome substantivo

**Definición** → Os substantivos constitúen unha clase de palabras que designan seres, conceptos, entidades e obxectos.

**Morfoloxía** → constan dunha raíz ou lexema, que lles achega o significado léxico, morfemas de xénero e número (*casa-s, nen-o-s, rapaz-a-s, profesor-a-s*) e poden ter morfemas derivativos (*cas-eir-o, profesor-ado*). O substantivo determina o xénero e número dos adxectivos e pronomes que o poidan acompañar e/ou substituír.

## 1. A categoría de xénero

Todos os substantivos posúen a categoría do xénero, é dicir, todos os substantivos son masculinos ou femininos (*o camiño novo, moitas bicicletas vermellas*), pero non todos presentan flexión nesta categoría (*a luz, o lapis, a tarde*). O xénero clasifica os substantivos en masculinos e femininos (*o cal, a mensaxe*), pero pode tamén levar asociado un determinado valor semántico: tamaño (*cesto / cesta*), sexo (*camareiro / camareira*), forma (*xerro / xerra*), significado diferenciado (*caldeiro / caldeira*) etc.

### a) O marcador de xénero:

- **Substantivos sen oposición de xénero** → O substantivo mantén a mesma forma invariable: *o lapis, a fantasma, a testemuña*
- **Substantivos con oposición de xénero:**
  - Variación mediante morfema de xénero: *o neno/a nena, rapaz/rapaza*
  - Variación mediante determinante: *o trapequista/a trapequista*
  - Variación mediante sufixo: *o galo/a galiña*
  - Variación mediante lexema: *home/muller*
  - Nomes epícenos: substantivos que designan animais que teñen una única forma para masculino e feminino. Cando queremos precisar o sexo temos que botar man dos adxectivos *macho/femia*: *aguia macho/ aguia femia*

### b) Valor semántico do xénero

- **Diferenza de tamaño:** *saco/saca* (maior tamaño no feminino); *machado/machada* (maior tamaño no masculino)
- **Individual/colectivo:** *gran/gra*
- **Forma diferente:** *xerro/xerra* (o xerro é máis barrigudo ademais de máis pequeno)
- **Significado diferenciado:** *tixolo* (ladrillo)/*tixola* (utensilio para fritir)
- **Instrumento/instrumentista:** *o guitarra/a guitarra*

| Substantivos masculinos                                                     |                                                                                                                                                                               |
|-----------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Os nomes das letras</b>                                                  | eme, ce, a, efe...                                                                                                                                                            |
| <b>Rematados en – o</b> (excepto: dínamo, foto, libido, moto, radio, tribo) | paso, bolso                                                                                                                                                                   |
| <b>Rematados en -ú</b>                                                      | bambú, xampú                                                                                                                                                                  |
| <b>Rematados en –me</b> (excepto: fame, mansedume, servidume e síndrome)    | cume, fríame, betume, costume, legume, lume                                                                                                                                   |
| <b>Moitos estranxeirismos</b>                                               | complot, flash, test, anorak                                                                                                                                                  |
| <b>Son tamén masculinos:</b>                                                | berce, cal (óxido de calcio), cárcere, couce, cuspe, dote, éxtase, fantasma, fel, fin (= obxectivo), labor, lavalouza, masacre, mar, mel, nariz, sal, sangue, sinal, til, xiz |

| Substantivos femininos                                                                                                |                                                                                                                                                                                   |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Árbores froiteiras e o froito</b><br>Noutros casos a árbore é masculina e o froito pode ser masculino ou feminino: | → cerdeira/cereixa<br>→ castiñeiro/castaña limoeiro/limón                                                                                                                         |
| <b>Rematados en – a</b> (excepto: clima, diadema, día, fantasma, mapa, poema, poeta...)                               | alma, natureza, marca                                                                                                                                                             |
| <b>Rematados en – ade</b> (excepto: trade, frade)                                                                     | idade, entidade, facultade                                                                                                                                                        |
| <b>Rematados en – axe</b> (excepto: traxe, garaxe, paxe)                                                              | bricolaxe, friaxe, paisaxe                                                                                                                                                        |
| <b>Rematados en – ite</b> (excepto: convite, envite, desquite)                                                        | elite, otite                                                                                                                                                                      |
| <b>Rematados en – se</b> (excepto: envase, éxtase, interese)                                                          | crise, hipótese, eclipse                                                                                                                                                          |
| <b>Os que comezan por – a tónico</b>                                                                                  | acne, árbore, arte                                                                                                                                                                |
| <b>Son tamén femininos</b>                                                                                            | armazón, augardente, bile, cal (= canle), calor, cor, cute, dor, feluxe, ferruxe, fin (= final), fraude, fronte, marxe, orde, orixe, ponte, pube, roibén, sebe, síndrome, suor... |

## 2. A categoría de número

Esta categoría indica a oposición entre o singular, que designa un individuo, e o plural, que expresa máis de un. A diferenza do xénero, onde temos terminacións para masculino e feminino, no caso do número só hai terminación de plural. Polo tanto dicimos que o singular está representado por un morfema cero ( $\emptyset$ ): *rapaz- $\emptyset$  / rapac-es, sinal- $\emptyset$  / sina-is*.

Igual que acontece co xénero podemos atopar distintos valores semánticos asociados á categoría de número:

- Substantivos que se usan en singular ou plural indistintamente, sen variación no significado: *a tesoura / as tesouras*.
- Substantivos que só posúen a forma singular, e no caso de apareceren en plural teñen outros matices de significado: abstracto fronte a concreto (*beleza / belezas, amor / amores*); continuo fronte a discontinuo (*auga / augas, area / areas*) etc.
- Substantivos con diferente significado en singular e en plural: *o miolo / os miolos*.

Segundo a forma de marcar o número podemos establecer a seguinte clasificación dos substantivos:

| PALABRAS SIMPLES                  |                                                                                          |                                                                                 |                          |
|-----------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|
| Substantivos con flexión          |                                                                                          |                                                                                 |                          |
| Singular rematado en:             |                                                                                          | Plural                                                                          |                          |
| vocal<br><i>lúa, libro</i>        |                                                                                          | Engaden -s                                                                      | <i>lúas, libros</i>      |
| -n ou -m<br><i>canón, réquiem</i> |                                                                                          | Engaden -s                                                                      | <i>canóns, réquiems</i>  |
| -r, -z                            | <i>cráter, rapaz</i>                                                                     | Engaden -es                                                                     | <i>cráteres, rapaces</i> |
|                                   | Palabras agudas<br><i>revés</i>                                                          | Engaden -es                                                                     | <i>reveses</i>           |
| -s                                | Palabras graves, esdrúxulas, algunha aguda e monosílabos<br><i>lapis, fax, paspallás</i> | Indican o plural co determinante<br><i>dous lapis, varios fax, os paspallás</i> |                          |
|                                   | Monosílabos<br><i>mal</i>                                                                | Engaden -es                                                                     | <i>males</i>             |
| -l                                | Polisílabos agudos<br><i>funil, caracol</i>                                              | Cambian -l por -is<br><i>funís, caracois</i>                                    |                          |
|                                   | Graves<br><i>mísil, réptil</i>                                                           | Engaden -es                                                                     | <i>mísiles, réptiles</i> |
| Substantivos sen flexión          |                                                                                          |                                                                                 |                          |
| Só singular                       |                                                                                          | Só plural                                                                       |                          |
| <i>plebe, éter, cénit</i>         |                                                                                          | <i>cóxegas</i>                                                                  |                          |

| PALABRAS COMPOSTAS                                                                         |                                                                                                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Substantivo + adxectivo<br><i>garda civil</i>                                              | Plural nos dous elementos<br><i>gardas civís</i>                                               |
| Verbo ou palabra invariábel + substantivo<br><i>baixo relevo, norteafricano, chuchamel</i> | Plural no segundo elemento da composición<br><i>baixo relevos, norteafricanos, chuchameles</i> |
| Substantivo + (de) + substantivo<br><i>estrela do mar, coche-cama</i>                      | Plural no primeiro elemento<br><i>estrelas do mar, coches-cama</i>                             |

### 3. Clasificación semántica dos substantivos

Os substantivos designan seres, obxectos e conceptos do mundo extralingüístico (*grilo, frauta, ben*) pero tamén poden indicar propiedades (*maldade, sinceridade*), actividades ou procesos (*organización*) e mesmo formar parte de locucións adverbiais e preposicionais (*a desmán, a causa de*).

Unha posible clasificación semántica dos substantivos é a que segue:

